



Coop57

Servizos financeiros éticos e solidarios

www.coop57.coop/galicia



Que é?

COOP57 é unha cooperativa de servizos financeiros que destina os seus recursos a **dar préstamos a proxectos de economía social** que promovan a ocupación, fomenten o cooperativismo, o asociacionismo e a solidariedade en xeral.

Cómo xurde?

Das indemnizacións de 57 traballadores da editorial Bruguera, tralo peche da empresa.



Nacemento e evolución

1996 crease a cooperativa, en Barcelona

2005 Coop57 Aragón

2006 Coop57 Madrid

2008 Coop57 Andalucía

2009 Coop57 Galicia

Comparten estrutura técnica e xurídica

Modelo de autoxestión territorial

Complementariedade na utilización dos fondos



Principios cooperativos


- ☐ Adhesión voluntaria
 - ☐ Xestión democrática
 - ☐ Participación económica
 - ☐ Autonomía e independencia
 - ☐ Educación, formación e información
- ☐ Cooperación entre cooperativas
 - ☐ Interese pola comunidade





Principios da banca ética

- **Coherencia** no uso do aforro
- **Compatibilidade** do rendemento financeiro e social
- **Participación** na política da cooperativa
- **Transparencia** na xestión e nos investimentos
- **Solidariedade** no uso do aforro
- **Reflexión** e avaliación permanente





Quen pode ser socio/a de Coop57?

a) Socias de servizos

as **entidades da economía social** (cooperativas, asociacións, sociedades laborais, empresas de inserción, ONG, montes veciñais en man común, movementos sociais e entidades da economía social en xeral).

Requisitos:

- Superar unha avaliación ética e social (**Comisión social**)
- Realizar unha achega de 1.000 euros:
 - 901,52 €, achega obrigatoria de capital social.
 - 98,48 €, cota de ingreso



Entidades socias de servizos

- Poden facer uso dos **produtos financeiros** da cooperativa
- Poden realizar **achegas voluntarias** as veces que queiran (ata un máximo de 200.000 €).
- As achegas obrigatorias non reciben ningún xuro
- As achegas voluntarias, en cambio, remunéranse cun tipo de xuro que fixa anualmente a asemblea xeneral. Para o ano 2013 é do 1,8% anual.



b) Persoas socias colaboradoras

Persoas físicas ou xurídicas que queren que o seu diñeiro sirva para financiar proxectos de economía social.

As socias colaboradoras non poden ser destinatarias de préstamos.

Participan nos órganos sociais da cooperativa e reciben información sobre o destino dos seus recursos.

Requisitos

- realizar unha achega ao capital mínima de 300,51 euros.



Socios/as colaboradores/as

- poden facer outras achegas as veces que queiran, ata un máximo de 200.000 €.
- reciben un xuro pola totalidade das súas achegas, que fixa anualmente a asemblea. Para o ano 2013 é o 1,8% anual.
- o xuro actualízanse ao vencemento da achega ao cumprir un ano, coa dedución da retención fiscal correspondente. No segundo ano e sucesivos a remuneración faise efectiva o 31 de Decembro.
- poden solicitar a devolución parcial ou total das achegas. Se o fan antes do primeiro ano, non se cobrará a remuneración xerada nos últimos dous meses.



Como garante COOP57 as devolucións?

Para poder garantir a devolución das chegas, o 15% do total das achegas de COOP57 non se poden destinar a préstamos.

Este 15% está depositado en contas de aforro a corto prazo para poder encarar calquera eventualidade. Actualmente en Caja Laboral, Caja de Ingenieros, Bantierra e Caixa Rural Galega

COOP57 sempre ten destinado, unha vez aplicada a porcentaxe que indica a lei ao Fondo de Reserva Obrigatorio e ao Fondo de Educación e Promoción Cooperativa, o 100% dos excedentes a reservas voluntarias para garantir a sustentabilidade económica do proxecto.



Quen decide que préstamos se conceden?

As solicitudes de préstamos son analizadas pola **Comisión Técnica** que elabora un informe para o Consello de Sección, que é o órgano de cada sección territorial que ten responsabilidade para decidir a concesión dos préstamos.

Condicións xerais

A asemblea xeral revisa e acorda, anualmente, o xuro dos distintos servizos financeiros.

As garantías que se solicitan son avais persoais, non patrimoniais e mancomunados.

As persoas que integran os proxectos teñen a obriga de avalar o financiamento.



Servizos financeiros

- **Créditos a medio e longo prazo** para financiar proxectos e/ou investimentos en inmovilizado
- Créditos ponte para **avanzar o importe de subvencións ou convenios** de entidades e organismos públicos.
- Produtos de **financiamento de circulante** orientados a facilitar operacións a curto prazo.
- **Créditos intercooperativos**, orientados a facilitar operacións entre entidades socias de COOP57.



1.- Créditos a medio e longo prazo

Para financiar proxectos e/ou investimentos en inmovilizado.

Importe e prazos:

- Importe máximo: 250.000 euros.
Prazo máximo: 7 anos (adaptado a quen o solicita).

Comisións:

- Sen comisións nin outros tipos de gasto.

Tipo de xuro:

- 6,50% anual (ano 2013)



Condições

- Ser socia de Coop57
- Efectuar unha achega ao capital social, non remunerada, equivalente a:
 - Préstamos de menos de 1 ano: 0,5% do importe do préstamo.
 - Préstamos de entre 1 e 3 anos: 0,75% do importe do préstamo.
 - Préstamos de máis de 3 anos: 1% do importe do préstamo.

Esta achega destínase a un fondo de garantía de préstamos.



2.- Financiamento de circulante

Importe e prazos:

- Importe anticipado: até o 90% da subvención concedida, e até un máximo de 250.000 euros.
- Prazo máximo de 12 meses.
- Posibilidade de reembolso anticipado.

Condicións de reembolso

- No momento do cobro da subvención.

Comisións

- Sen comisión nin outros tipos de gasto.

Tipos de xuro

- 7,25% anual (ano 2013).



Condições

- Ser socia de Coop57
- Efectuar unha achega ao capital social de COOP57, non remunerada, equivalente ao 0,5% do importe do préstamo.

Esta achega destínase a un fondo de garantía de préstamos.



3.- Convenio de circulante (póliza de crédito)

Importe e prazos:

- Vixencia de 18 meses (prórroga automática).

Importe máximo de saldo vivo por socia: determinado pola Comisión Técnica (non pode superar os 50.000 euros).

Importe e prazos por operación:

- Prazo: mínimo un mes, máximo seis meses.
- Importe: mínimo 3.000 euros.

Condições de reembolso:

- Pagamento da totalidade de cada operación (capital e xuros) ao seu vencemento.

Comisións

- Sen comisións nin outros tipos de gasto.

Tipo de xuro:

- 7,25% anual (ano 2013).

Custo mínimo por operación:

- 36 euros.



Condicións

- Ser socia de COOP57.
- Efectuar unha achega ao capital social de COOP57, non remunerada, equivalente ao 0,5% do importe do préstamo.

Esta achega destinarase a un fondo de garantía de préstamos.



4.- Créditos intercooperación

Operacións de compra-venda de servizos e/ou produtos entre entidades socias de COOP57.

Importe e prazos:

- Importe máximo: 60.000 euros.
- Prazo máximo: 5 anos (adaptado a quen o solicita).

Condicións de reembolso:

- Flexibilidade en cada préstamo.
Adaptado ás necesidades de quen o solicita.
Posibilidade de reembolso anticipado.

Comisións

- Sen comisións nin outros tipos de gasto.

Tipo de xuro:

- 5,5% anual (ano 2013).
- Xuro variábel.



Condições

- Ser socia de Coop57
- Efectuar unha achega ao capital social, non remunerada, equivalente a:
 - Préstamos de menos de 1 ano: 0,5% do importe do préstamo.
 - Préstamos de entre 1 e 3 anos: 0,75% do importe do préstamo.
 - Préstamos de máis de 3 anos: 1% do importe do préstamo.

Esta achega destínase a un fondo de garantía de préstamos.



Outros servizos financeiros

Títulos participativos

Financiamento de proxectos de investimentos pola sociedade en xeral mediante a emisión de títulos por parte da entidade socia de Coop57

- Prazo de amortización: 2-3 anos.
- Papel que asume Coop57:
 - difunde a emisión e procura investidores/as
 - garante a liquidez en caso de devolución anticipada dos títulos
 - as persoas subscritoras poden negociar os títulos coa cooperativa e converterse en socias colaboradoras.



Territorial galega (2009 –2012)

Socias de servizos: 28

Socios/as colaboradores/as: 122

Aforro captado: 518.190,97 euros

Aforro dispoñible: 440.462,32 euros

Operacións realizadas: 30

Operacións amortizadas: 18

Total Financiamento: 624.980,00 euros



Máis información

Páxinas web:

www.coop57.coop/galicia

Correo-e:

galicia@coop57.coop

Tfno:

986 896 526

Persoa de contacto: Ramón C. Rodríguez Padín